



BASES E CONVOCATORIA DE CONCURSO DE DISFRACES *ENTROIDO 2014*

Primeira.- O servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e a Comisión colaboradora do *Entroido 2014* convocan o concurso de disfraces, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido na praza do Rei, os días que se detallan a continuación e de acordo ás modalidades seguintes:

- **Categoría individual infantil e grupo infantil conxuntado (até os 13 anos):** o domingo 2 de marzo, entre as 18:00 h e as 20:00 h, na praza do Rei .
- **Categoría individual xeral e grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos):** o luns 3 de marzo, entre as 18:30 h e as 20:30 h, na praza do Rei.

Segunda.- As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día na praza do Rei, entre as 17:00 h e as 18:00 h, para a categoría individual infantil e grupo infantil conxuntado (até 13 anos), e entre as 17:30 h e as 18:30 h para a categoría individual xeral e grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos). As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e na web municipal “www.vigo.org” e “www.vigocultura.org”.

Terceira.- Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

PRIMEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 100,00 €, para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 100,00 €, para a categoría individual xeral (máis de 14 anos).
- Bono regalo por importe de 200,00 €, para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 200,00 €, para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos).

SEGUNDOS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 75,00 €, para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 75,00 €, para a categoría individual xeral (máis de 14 anos).
- Bono regalo por importe de 100,00 €, para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 100,00 €, para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos).

TERCEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 50,00 €, para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 50,00 € para a categoría individual xeral (máis de 14 anos).



- Bono regalo por importe de 75,00 €, para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 75,00 €, para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos).

ACCESIT: 4 accésit (un para cada categoría) por importe de 30,00 € cada un (no caso dos accésit infantís será por bono regalo polo correspondente valor).

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola Comisión Colaboradora do Entroido 2014, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, nun prazo máximo de 60 días, unha vez recibida a acta do xurado, e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto na praza do Rei, que estará composto por:

PRESIDENCIA: Concelleiro de Cultura, Festas e Museos ou persoa en quen delegue.

VOGALÍAS: Dous membros da comisión organizadora do *Entroido 2014*.

SECRETARÍA: Un/unha técnico/a da Concellería de Cultura, Festas e Museos, con voz e sen voto.

Quinta.- A decisión do xurado farase pública ao remate do concurso na carpa instalada na praza do Rei.

Sexta.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sétima.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

Vigo, febreiro de 2014



CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2014
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS

NIF ENDEREZO

NÚM CP..... LOCALIDADE.....

TELÉFONO..... FAX..... Correo electrónico:

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA:

- Categoría individual infantil (até os 13 anos):** Domingo 2 de marzo, entre as 18:00 e as 20:00 h, na praza do Rei.
- Grupo infantil conxuntado (até os 13 anos):** Domingo 2 de marzo, entre as 18:00 e as 20:00 h, na praza do Rei.
- Categoría individual xeral (máis de 14 anos):** Luns 3 de marzo, entre as 18:30 e as 20:30 h, na praza do Rei.
- Categoría grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos):** Luns 3 de marzo, entre as 18:30 e as 20:30 h, na praza do Rei.

NÚMERO DE ORDE DE PARTICIPACIÓN:

Vigo, de de 2014

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO